



BOP

MÉRCORES, 28 DE NOVEMBRO DE 2018 N.º 273

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Tomás Merina Ortega solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.60637

As obras solicitadas consisten na ampliación dunha vivenda (construción en volume independente de sala, piscina e baño) no predio con referencia catastral 27019C001006070000HP, na zona de policía de leitos do rego de Peizás, no Paseo do Brasil, 20, no concello de Foz (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Foz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 14 de novembro de 2018.- A Xefa do Servizo Territorial de Lugo, Rocío Carreira Carral.

R. 3284

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

Anuncio

PROCESO SELECTIVO PARA OCUPAR 2 PRAZAS OFICIAIS OFICIOS MÚLTIPLES, RESERVADAS A PERSOAL LABORAL, RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA VERTICA (BOP 242, 22/10/2018)

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 23 DE NOVEMBRO DE 2018 POLA QUE SE APROBA A LISTA DE ADMITIDOS, TRIBUNAL E DATAS DE CELEBRACIÓN DA CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E PARA A REALIZACIÓN DO EXAME PRÁCTICO.

“Resultando que por acordo da Xunta de Goberno de data 8 de outubro de 2018, apróbase a convocatoria, bases xerais e específicas que rexerán o proceso para cubrir 2 prazas de persoal laboral fixo, denominadas Oficial de Oficios Múltiples, Grupo C - Subgrupo C2, desta Deputación Provincial, reservadas á promoción interna vertical (BOP 242, de 22 de outubro de 2018).

Vistos os puntos 6 e 7 das Bases Xerais que rexen o presente proceso selectivo; tendo en conta a proposta do deputado delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, e en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

1º.- Aprobar a seguinte lista de admitidos:

Nº	APELIDOS E NOME
1	IBIAS OTERO, ALFONSO
2	PITA IRAVEDRA, JUAN JOSÉ

2º.- Nomear aos membros do Tribunal Cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE:

Titular: Don Manuel García Mel, Xefe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia Concellos na Deputación de Lugo.

Suplente: Don Xesús Arrizado Yáñez, Licenciado en Ciencias do Traballo no Servizo de Recursos Humanos e Asistencia Concellos na Deputación de Lugo.

VOGAIS:

Titular: Don José López-Cancelos Rodríguez, Xefe Sección Mantemento na Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Don José Fernández Parajes, Enxeñeiro Técnico Obras Públicas no Servizo de Vías e Obras na Deputación Provincial de Lugo.

Titular: Don Julian Mayor Couceiro, Xefe Unidade Mantemento e Conservación da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Don Manuel Pérez Sánchez, Xefe Unidade Vixilancia, Portería e Infografía na Unidade de Portería e Vixilancia da Deputación Provincial de Lugo.

Titular: Don Héctor Dieguez Aranda, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos no Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Don Darío Ferreiro Otero, Enxeñeiro de Camiños, Canles de Portos no Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Lugo.

SECRETARIO:

Titular: Don Manuel Castiñeira Castiñeira, Secretario Interventor Xefe Servizo Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ferreiro Fernández, Tesoureiro da Deputación de Lugo.

3º.- Citar aos membros do tribunal para que comparezan no despacho de Recursos Humanos o mércores día 28 de novembro de 2018, ás 8 horas e 15 minutos, para a súa constitución.

4º.- Citar aos membros do tribunal e máis aos aspirantes para que comparezan no Salón Verde para a realización do exame práctico o venres día 14 de decembro de 2018, ás 9 horas e 30 minutos.

5º.- Abrir un prazo de 10 días para que os aspirantes poidan presentar as reclamacións ou rectificacións á lista provisional. Dito prazo abrírase a partir do día seguinte á publicación da presente resolución no BOP.

6º.- Publicar a presente resolución no Taboleiro de Edictos e na páxina web www.deputacionlugo.org, apartado Emprego Público (RRHH).

De non existir alegacións á lista provisional, ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

Contra a lista definitiva os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante do Presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público."

Lugo, 26 de novembro de 2018.- O SECRETARIO EN FUNCÍONS, Manuel Castiñeira Castiñeira.

R. 3349

Anuncio

PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO ADOPTADO EN SESIÓN CELEBRADA O 23 DE NOVIEMBRE DE 2018 AO OBXECTO DE APROBAR A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL AO OBXECTO DA FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS LABORAIS TEMPORAIS "EN PRÁCTICAS" DE DIVERSAS TITULACIÓNS.

En sesión celebrada o día 23 de novembro de 2018, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo por unanimidade, **ACORDA:**

1º.- Aprobado as Bases Específicas que rexerán os procedementos selectivos, mediante o sistema de concurso, para a cobertura provisional con persoal laboral temporal, vinculado a esta Entidade mediante contrato laboral "en prácticas" regulado no artigo 11 Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, dos seguintes empregos:

DENOMINACIÓN DO EMPREGO	TÍTULO ACADÉMICO	Nº EMPREGOS
ENXEÑEIRO/A AGRÓNOMO/A	ENXEÑEIRO/A AGRÓNOMO/A OU TÍTULO DE GRAO EQUIVALENTE.	1
ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A EN TOPOGRAFÍA	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A EN TOPOGRAFÍA OU TÍTULO DE GRAO EQUIVALENTE.	1
TÉCNICO/A SUPERIOR EN XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	GRAO SUPERIOR FP: TÉCNICO/A SUPERIOR EN XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL.	1
TÉCNICO/A EN ELECTROMECAÁNICA DE VEHÍCULOS AUTOMÓBILES	GRAO MEDIO FP: TÉCNICO/A EN ELECTROMECAÁNICA DE VEHÍCULOS AUTOMÓBILES.	1

Con respecto ás Bases Xerais que rexerán estes procedementos selectivos, estarase ás aprobadas pola Xunta de Goberno, na súa sesión do día 16 de novembro de 2018 polas que se establecen as normas para a selección de persoal laboral temporal baixo a modalidade de “contrato en prácticas” ao obxecto de prestar servizos á Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados), que se publican no BOP nº 269, do venres 23 de novembro de 2018.

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nos procesos selectivos ao obxecto de cubrir, con carácter provisional mediante contrato laboral temporal “en prácticas”, os devanditos empregos.

Contra o presente Acordo, que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación deste Anuncio no Boletín Oficial da Provincia ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

Pazo Provincial, 23 de novembro do 2018 .- O SECRETARIO EN FUNCIÓNS, Manuel Castiñeira Castiñeira.

BASES ESPECÍFICAS PARA O PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL BAIXO A MODALIDADE DE “CONTRATO EN PRÁCTICAS” AO OBXECTO DE CUBRIR UN EMPREGO DE ENXEÑEIRO/A AGRÓNOMO/A, EN PRÁCTICAS.

1.- **NÚMERO DE EMPREGOS QUE SE CONVOCAN:** 1.

2.- **DENOMINACIÓN DO EMPREGO QUE SE CONVOCA:** Enxeñeiro/a Agrónomo/a “en prácticas”.

3.- **RELACIÓN XURÍDICA:** Laboral Temporal. Contrato “en prácticas”.

4.- **ADSCRICIÓN:** En calquera Unidade administrativa da Deputación onde o persoal contratado en prácticas poida realizar un cometido relacionado coa titulación académica requirida.

5.- **FUNCIÓNS DO EMPREGO:**

O cometido funcional deste emprego consistirá na realización das funcións propias da titulación académica esixida **Enxeñeiro/a Agrónomo/a ou Título de Grao equivalente** “en prácticas”, todo iso, baixo a dirección e supervisión correspondente.

6.- **TITULACIÓN ACADÉMICA ESIXIDA:** **Enxeñeiro/a Agrónomo/a ou Título de Grao equivalente**, obtida nos 5 anos anteriores á convocatoria (7 anos no caso de persoas con grao de discapacidade superior ao 33%). Aos menores de 30 anos non se lles terá en conta a data de terminación dos estudos. É dicir, non rexerá o límite temporal anteriormente sinalado.

7.- **NIVEL DE GALEGO ESIXIDO:** CELGA 4.

8.- **RETRIBUCIÓNS:**

As retribucións a percibir polo/a ocupante deste emprego serán fixadas conforme ao disposto na modificación do Convenio Colectivo Único de condicións de traballo do persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo, asinado o día 12 de setembro de 2017 polos membros da comisión negociadora e aprobado en sesión plenaria da Deputación en data 26 de setembro de 2017 (BOP Nº 262 do 15 de novembro de 2017).

A base de cálculo para fixar as retribución será o importe que lle corresponde á praza/posto **Enxeñeiro/a Agrónomo/a** “en prácticas” (Equiparable ao Grupo/Subgrupo A/A1 na súa categoría de “posto de entrada”).

Retribución a percibir:

- Nos primeiros seis meses de contrato as retribucións do persoal contratado baixo esta modalidade serán por un importe do 60% das correspondentes ao seu grupo e/ou subgrupo de clasificación segundo a titulación que o habilite para a subscrición do contrato, Nivel de Entrada.
- A partir do primeiro día do sétimo mes de vixencia do contrato de traballo e ata o seu remate as retribucións serán por un importe do 95% das correspondentes ao seu grupo e/ou subgrupo de clasificación segundo a titulación que o habilite para a subscrición do contrato, no Nivel de Entrada.

En ningún caso, poderá ser inferior ao Salario Mínimo Interprofesional.

9.- DURACIÓN DO PERÍODO DE PRUEBA: Dous meses.

Pazo Provincial, 23 de novembro do 2018 O SECRETARIO EN FUNCÍONS, Manuel Castiñeira Castiñeira.

BASES ESPECÍFICAS PARA O PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL BAIXO A MODALIDADE DE "CONTRATO EN PRÁCTICAS" AO OBXECTO DE CUBRIR UN EMPREGO DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A EN TOPOGRAFÍA EN PRÁCTICAS.

1.- NÚMERO DE EMPREGOS QUE SE CONVOCAN: 1.

2.- DENOMINACIÓN DO EMPREGO QUE SE CONVOCA: Enxeñeiro/a Técnico/a en Topografía "en prácticas".

3.- RELACIÓN XURÍDICA: Laboral Temporal. Contrato "en prácticas".

4.- ADSCRICIÓN: En calquera Unidade administrativa da Deputación onde o persoal contratado en prácticas poida realizar un cometido relacionado coa titulación académica requirida.

5.- FUNCÍONS DO EMPREGO:

O cometido funcional deste emprego consistirá na realización das funcións propias da titulación académica esixida **Enxeñeiro/a Técnico/a en Topografía ou Título de Grao equivalente** "en prácticas", todo iso, baixo a dirección e supervisión correspondente.

6.- TITULACIÓN ACADÉMICA ESIXIDA: Enxeñeiro/a Técnico/a en Topografía ou Título de Grao equivalente, obtida nos 5 anos anteriores á convocatoria (7 anos no caso de persoas con grao de discapacidade superior ao 33%). Aos menores de 30 anos non se lles terá en conta a data de terminación dos estudos. É dicir, non rexerá o límite temporal anteriormente sinalado.

7.- NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: CELGA 4.

8.- RETRIBUCÍONS:

As retribucións a percibir polo/a ocupante deste emprego serán fixadas conforme ao disposto na modificación do Convenio Colectivo Único de condicións de traballo do persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo, asinado o día 12 de setembro de 2017 polos membros da comisión negociadora e aprobado en sesión plenaria da Deputación en data 26 de setembro de 2017 (BOP Nº 262 do 15 de novembro de 2017).

A base de cálculo para fixar as retribución será o importe que lle corresponde á praza/posto **Enxeñeiro/a Técnico/a en Topografía ou Título de Grao equivalente** "en prácticas" (Equiparable ao Grupo/Subgrupo A/A2 na súa categoría de "posto de entrada").

Retribución a percibir:

- Nos primeiros seis meses de contrato as retribucións do persoal contratado baixo esta modalidade serán por un importe do 60% das correspondentes ao seu grupo e/ou subgrupo de clasificación segundo a titulación que o habilite para a subscripción do contrato, Nivel de Entrada.

- A partir do primeiro día do sétimo mes de vixencia do contrato de traballo e ata o seu remate as retribucións serán por un importe do 95% das correspondentes ao seu grupo e/ou subgrupo de clasificación segundo a titulación que o habilite para a subscripción do contrato, no Nivel de Entrada.

En ningún caso, poderá ser inferior ao Salario Mínimo Interprofesional.

9.- DURACIÓN DO PERÍODO DE PRUEBA: Un mes.

Pazo Provincial, 23 de novembro do 2018 O SECRETARIO EN FUNCÍONS, Manuel Castiñeira Castiñeira.

BASES ESPECÍFICAS PARA O PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL BAIXO A MODALIDADE DE "CONTRATO EN PRÁCTICAS" AO OBXECTO DE CUBRIR UN EMPREGO DE TÉCNICO/A SUPERIOR EN XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL, EN PRÁCTICAS.

1.- NÚMERO DE EMPREGOS QUE SE CONVOCAN: 1.

2.- DENOMINACIÓN DO EMPREGO QUE SE CONVOCA: Técnico/a Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural "en prácticas".

3.- RELACIÓN XURÍDICA: Laboral Temporal. Contrato "en prácticas".

4.- ADSCRICIÓN: En calquera Unidade administrativa da Deputación onde o persoal contratado en prácticas poida realizar un cometido relacionado coa titulación académica requirida.

5.- FUNCÍONS DO EMPREGO:

O cometido funcional deste emprego consistirá na realización das funcións propias da titulación académica esixida **Técnico/a Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural** "en prácticas", todo iso, baixo a dirección e supervisión correspondente.

6.- TITULACIÓN ACADÉMICA ESIXIDA: Grado Superior en FP.- **Técnico/a Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural**, obtida nos 5 anos anteriores á convocatoria (7 anos no caso de persoas con grao de discapacidade superior ao 33%). Aos menores de 30 anos non se lles terá en conta a data de terminación dos estudos. É dicir, non rexerá o límite temporal anteriormente sinalado.

7.- NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: CELGA 4.

8.- RETRIBUCIÓNS:

As retribucións a percibir polo/a ocupante deste emprego serán fixadas conforme ao disposto na modificación do Convenio Colectivo Único de condicións de traballo do persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo, asinado o día 12 de setembro de 2017 polos membros da comisión negociadora e aprobado en sesión plenaria da Deputación en data 26 de setembro de 2017 (BOP Nº 262 do 15 de novembro de 2017).

A base de cálculo para fixar as retribución será o importe que lle corresponde á praza/posto **Técnico/a Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural** "en prácticas" (Equiparable ao Grupo B de súa categoría de "posto de entrada").

Retribución a percibir:

- Nos primeiros seis meses de contrato as retribucións do persoal contratado baixo esta modalidade serán por un importe do 60% das correspondentes ao seu grupo e/ou subgrupo de clasificación segundo a titulación que o habilite para a subscrición do contrato, Nivel de Entrada.
- A partir do primeiro día do sétimo mes de vixencia do contrato de traballo e ata o seu remate as retribucións serán por un importe do 95% das correspondentes ao seu grupo e/ou subgrupo de clasificación segundo a titulación que o habilite para a subscrición do contrato, no Nivel de Entrada.

En ningún caso, poderá ser inferior ao Salario Mínimo Interprofesional.

9.- DURACIÓN DO PERÍODO DE PRUEBA: Un mes.

Pazo Provincial, 23 de novembro do 2018 O SECRETARIO EN FUNCÍONS, Manuel Castiñeira Castiñeira.

BASES ESPECÍFICAS PARA O PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL BAIXO A MODALIDADE DE "CONTRATO EN PRÁCTICAS" AO OBXECTO DE CUBRIR UN EMPREGO DE TÉCNICO/A EN ELECTROMECAÁNICA DE VEHÍCULOS AUTOMÓBILES, EN PRÁCTICAS.

1.- NÚMERO DE EMPREGOS QUE SE CONVOCAN: 1.

2.- DENOMINACIÓN DO EMPREGO QUE SE CONVOCA: Técnico/a en Electromecánica de Vehículos Automóbiles "en prácticas".

3.- RELACIÓN XURÍDICA: Laboral Temporal. Contrato "en prácticas".

4.- ADSCRICIÓN: En calquera Unidade administrativa da Deputación onde o persoal contratado en prácticas poida realizar un cometido relacionado coa titulación académica requirida.

5.- FUNCÍONS DO EMPREGO:

O cometido funcional deste emprego consistirá na realización das funcións propias da titulación académica esixida **Técnico/a en Electromecánica de Vehículos Automóbiles** "en prácticas", todo iso, baixo a dirección e supervisión correspondente.

6.- TITULACIÓN ACADÉMICA ESIXIDA: Grado Medio en FP.- **Técnico/a en Electromecánica de Vehículos Automóbiles**, obtida nos 5 anos anteriores á convocatoria (7 anos no caso de persoas con grao de discapacidade superior ao 33%). Aos menores de 30 anos non se lles terá en conta a data de terminación dos estudos. É dicir, non rexerá o límite temporal anteriormente sinalado.

7.- NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: CELGA 4.

8.- RETRIBUCIÓNS:

As retribucións a percibir polo/a ocupante deste emprego serán fixadas conforme ao disposto na modificación do Convenio Colectivo Único de condicións de traballo do persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo, asinado o día 12 de setembro de 2017 polos membros da comisión negociadora e aprobado en sesión plenaria da Deputación en data 26 de setembro de 2017 (BOP Nº 262 do 15 de novembro de 2017).

A base de cálculo para fixar as retribución será o importe que lle corresponde á praza/posto **Técnico/a en Electromecánica de Vehículos Automóbiles** "en prácticas" (Equiparable ao Grupo/Subgrupo C/C1 da súa categoría de "posto de entrada").

Retribución a percibir:

- Nos primeiros seis meses de contrato as retribucións do persoal contratado baixo esta modalidade serán por un importe do 60% das correspondentes ao seu grupo e/ou subgrupo de clasificación segundo a titulación que o habilite para a subscrición do contrato, Nivel de Entrada.

- A partir do primeiro día do sétimo mes de vixencia do contrato de traballo e ata o seu remate as retribucións serán por un importe do 95% das correspondentes ao seu grupo e/ou subgrupo de clasificación segundo a titulación que o habilite para a subscrición do contrato, no Nivel de Entrada.

En ningún caso, poderá ser inferior ao Salario Mínimo Interprofesional.

9.- DURACIÓN DO PERÍODO DE PRUEBA: Un mes.

Pazo Provincial, 23 de novembro do 2018 O SECRETARIO EN FUNCIONS, Manuel Castiñeira Castiñeira.

R. 3350

CONCELLOS

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE OUTUBRO 2018.

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 8 de novembro de 2018 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de Outubro de 2018, de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de Outubro: 2908,8 €

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de decembro de 2018 e o 01 de marzo de 2018.

Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

En Pedrafita do Cebreiro a 22 de novembro de 2018.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 3330

SAMOS

Anuncio

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (4 PEÓNS DE OBRAS DURANTE DEZ MESES) QUE SE CONTRATEN NO CONCELLO DE SAMOS AO ABEIRO DO "PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO" DENTRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018 DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

1.-OBXECTO

1.1. Obxecto:

Constitúe o obxecto das presentes bases e a correspondente convocatoria, a regulación do procedemento de selección mediante o sistema de oposición de CATRO (4) PEÓNS DE OBRAS (categoría peón) para seren contratados como persoal laboral temporal *ao abeiro do "Programa de Fomento do Emprego" que se incardina dentro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018 da Deputación Provincial de Lugo (B.O.P. nº 51 de 03/03/2018)*, para a execución de obras ou servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese social e xeral.

As contratacións se financian coa achega económica da Excm. Deputación Provincial de Lugo en importe de 73.481,92€ equivalente aos custes salariais totais dos traballadores que se contraten, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

A Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 establece no seu apartado dous: *“No se poderá proceder a contratación de persoal temporal, así como ao nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables”*.

Tendo en conta as tarefas que desenvolverá o persoal que se contrate ao abeiro deste programa, non cabe dúbida que as mesmas se encadran dentro dos servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento de servizos públicos esenciais declarados polo Pleno Corporativo en sesión celebrada en data 03/08/2012 nas súas diversas funcións e categorías profesionais, servizos todos eles prestados directamente por este Concello en exercicio das competencias que lle son propias e que de xeito urxente e inaprazable deben ser prestados aos veciños en niveis óptimos de calidade.

1.2. Normas de aplicación:

A presente contratación laboral rexerese:

- Polo artigo 15.1, a) do Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET).
- R.D. 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local Galicia.
- Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Real Decreto 896//1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.
- Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades do Persoal ao Servizo da Administracións do Estado, da Seguridade Social e Dos entes, Organismos e Empresas dependentes.
- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Así mesmo rexerese polo establecido no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018 da Deputación Provincial de Lugo (B.O.P. nº 51 de data 03/03/2018).

1.3. O sistema de selección dos aspirantes será o de **oposición**.

1.4. A presente convocatoria e as bases íntegras publicaranse no BOP, no taboleiro de anuncios do concello de Samos e no da súa sede electrónica (enlace concellosamos.sedelectronica.gal). Tamén serán enviadas á Deputación de Lugo xunto coa convocatoria para que sexan publicadas na súa páxina web institucional de conformidade co disposto na base 8ª.2 das reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018.

Os sucesivos anuncios relacionados co procedemento publicaranse no taboleiro de anuncios do concello e no da sede electrónica.

2. TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato laboral que se formalizará coas persoas seleccionadas será de duración determinada (10 meses) na modalidade de obra ou servizo determinado previsto no artigo 15.1 a) do Real Decreto Legislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET) e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro. Establécese como data máxima de remate o **30 de setembro de 2019 (data sinalada no Plan Provincial Único)**, e a xornada completa.

3. FUNCÍONS

O obxecto dos contratos laborais temporais que se celebren a resultas do proceso de selección o constituirá a realización de obras, servizos e actividades no territorio municipal que respondan a necesidades urxentes e inaprazables que afecten a sectores, funcións ou categorías profesionais prioritarias indispensables para poder satisfacer as necesidades básicas da vida persoal ou social das persoas particulares, de acordo coas circunstancias de cada momento ou lugar, ou necesarias para o benestar da veciñanza e, tamén, as que permitan

asegurar o funcionamento regular da propia entidade e dos seus órganos de goberno e de dar cumprimento as distintas normativas xerais ou sectoriais de aplicación.

En particular, as seguintes:

- Acondicionamento, mantemento e limpeza de accesos a núcleos de poboación, camiños e vías municipais, limpeza e conservación do entorno de espazos públicos, áreas recreativas, rutas turísticas e obras de reparación en xeral.
- Tarefas de mantemento, conservación e incluso reparacións, de infraestruturas, edificios e instalación municipais con carácter xeral.
- Traballos de albanería, fontanería, electricidade, xardinería e outros semellantes para a adecuada prestación dos servizos municipais e pequenas reparacións de vías municipais.
- Colaborar con outros departamentos en distintas tarefas da actividade municipal.
- Aquelas outras que lle sexan encomendadas pola Alcaldía, neste marco xeral, respectando a súa categoría profesional, para unha máis organizada e eficiente desenvolvemento das tarefas e prestación dos servizos municipais.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do TREBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Titulación: Estar en posesión ou en condicións de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias (documento xustificativo de pagamento de taxas para expedición do título cando aínda non se dispoña do mesmo), do Certificado de escolaridade ou equivalente ou

titulación superior, o cal se deberá acreditar mediante documento oficial fidedigno expedido polo Organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, na data de remate do prazo de presentación de instancias deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.

f) Coñecemento da lingua galega: Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. Polo tanto, quen non acredite o coñecemento da lingua galega mediante a aportación do CELGA 2 ou equivalente, deberá superar un exame de galego nos termos que se sinalan na base 8ª.

g) Estar en situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50% da xornada (cláusula 8ª.1 das bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018).

h) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.

5. SOLICITUDES

5.1. A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases e dirixirase ao Sr. alcalde do concello de Samos, no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día do prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte.

Xunto coa instancia solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente.

Para o caso de que o aspirante cumpra o requisito da nacionalidade nos termos establecidos na letra a.3) da base 4ª, adicionalmente deberá presentar a documentación acreditativa do vínculo de parentesco xunto coa declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a ou o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

b) Documentación acreditativa do requisito de titulación esixido nas bases.

c) Tarxeta de demandante de emprego e vida laboral actualizada.

d) Permiso de conducir tipo B.

e) Acreditar o coñecemento da lingua galega, como mínimo, no nivel de CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia. Non obstante, no caso de non poder acreditar este título, realizará un exame de galego nos termos sinalados na base 8ª.

f) Documentos xustificativos dos méritos que as ou os aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso segundo o establecido na base 8ª, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados en tódolos seus extremos no momento da presentación da instancia.

g) No seu caso, certificación acreditativa da condición de discapacitado e a súa compatibilidade.

A documentación poderá presentarse no Rexistro Xeral do Concello en horario de atención ao público (luns a venres de 9:00 a 14:30 horas) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando se envíe a documentación polos medios do art. 16.4 da Lei 39/2015, e co fin de axilizar os trámites, deberase remitir dentro do prazo de presentación de solicitudes, a instancia co selo da presentación na oficina de correos/ou Rexistro Xeral de Entrada correspondente ao correo electrónico concello.samos@gmail.com.

6. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a alcaldía ditará resolución no prazo máximo de tres (3) días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello e no da sede electrónica e abrirase un prazo de dous (2) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Rematado o prazo de subsanación, ditarase resolución nun prazo de tres (3) días hábiles elevando a definitiva a lista de admitidos e excluídos na que se sinalará a composición do tribunal cualificador, a data e hora na que se constituirá. No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.

Contra a resolución definitiva se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

7. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal. O tribunal axustarase ao establecido nos artigos 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e 60 e 61 do RDL 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

No mesmo decreto no que se aprobe a lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos o alcalde nomeará os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) e se publicará nos taboleiros de anuncios do concello.

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

Presidente/a: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Secretario/a: o da Corporación ou persoa que faga as súas veces.

Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Na designación dos membros do tribunal se garantirá a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entrámbolos dous sexos, ó ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa sinatura do secretario/a e co visto e prace do Presidente/a do tribunal.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

8. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección será o de **oposición**, e o seu resultado será determinado polos obtidos nas seguintes probas (**puntuación máxima 20,00 puntos**):

PRIMEIRO EXERCICIO: Esta parte consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 20 preguntas (máis 2 de reserva para posibles impugnacións) con tres respostas alternativas nun tempo máximo de trinta minutos baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO I. Só unha das respostas será a correcta, e cada unha acertada puntuarase con 0,50 puntos.

As respostas incorrectas restarán 0,25 puntos.

Puntuarase cun máximo de 10,00 puntos, quedando eliminados aqueles que non obteñan un mínimo de 5,00 puntos.

SEGUNDO EXERCICIO: Realización de unha ou varias probas prácticas relacionadas coas tarefas a desempeñar, a proposta polo Tribunal no tempo máximo de quince minutos.

Puntuarase cun máximo de 10,00 puntos, quedando eliminados aqueles que non obteñan un mínimo de 5,00 puntos.

Corresponderalle ao Tribunal determinar o nivel mínimo de coñecementos esixido para a superación desta proba.

PROBA DE GALEGO: Común e obrigatoria para aqueles candidatos que habendo superado todas as probas, non acreditaran o coñecemento da lingua galega como mínimo, no nivel de CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia. Os candidatos que se atopen nesta circunstancia deberán realizar un exame consistente en traducir un texto elixido libremente polo tribunal, sen dicionario, do castelán ao galego.

Esta proba terá unha duración máxima de 15 minutos.

Valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter a calificación de apto. O tribunal decidirá o nivel preciso para obter a condición de apto.

Os aspirantes serán convocados aos distintos exercicios provistos do seu D.N.I. en chamamento único. A non presentación comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar no exercicio do que se trate e, xa que logo, quedara excluído do proceso selectivo.

9. RELACIÓN DE APROBADOS

O Tribunal publicará o resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello e no da sede electrónica. En caso de empate nas puntuacións resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta no segundo exercicio da oposición e, se iso non fora suficiente, pola puntuación obtida no primeiro exercicio. De continuar o empate, resolveríase por sorteo público.

Finalizado o proceso de selección elevarase ao órgano competente proposta dos candidatos para a formalización dos correspondentes contratos laborais.

O tribunal non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos cando se produzan renuncias, baixas ou substitucións dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia, o tribunal elaborará unha **lista de agarda** dos/as aspirantes que habendo superado todas as probas sigan aos propostos por orde de puntuación, para a súa posible contratación.

10. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

Os/as candidatos propostos para seren contratados deberán achegar no prazo máximo de dous (2) días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancias de participación:

- 1) Certificación ou informe médico actualizados na que se faga constar expresamente que a ou o aspirantes reúne a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- 2) Copia compulsada da documentación acreditativa da titulación esixida na convocatoria.
- 3) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.
- 4) Número de conta bancaria (IBAN).

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

11. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABALLO

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. alcalde resolverá o proceso e se formalizarán os correspondentes contratos de traballo de duración determinada e a xornada completa.

12. IMPUGNACIÓN

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Se transcurriera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Samos, 13 de novembro de 2018.-O alcalde, Julio Gallego Moure

ANEXO I.-TEMARIO

Tema 1

Concello de Samos: Encadre territorial, poboación, parroquias e aldeas, vías de titularidade municipal, autonómica e provincial.

Tema 2

Elementos da construción: Muros, tabiques e paredes.

Tema 3

Diferentes materiais e ferramentas en construción.

Tema 4

Reparación de camiños e baches en pistas: Materiais e ferramentas a empregar.

Tema 5

Nocións básicas de xardinería e desbroces.

Tema 6

Nocións básicas de albanaría, carpintería, electricidade, fontanería-rede de abastecemento de auga.

Tema 7

Disposicións mínimas xerais de seguridade e saúde aplicable para a utilización polos traballadores de equipos de traballo. Condicións xerais de seguridade nos lugares de traballo. Normativa básica de sinalización e de equipos de protección individual.

ANEXO II.- MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DE CATRO (4) POSTOS DE PEÓN DE OBRAS, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN AO ABEIRO DO "PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO" DENTRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018 DA DEPUTACIÓN DE LUGO

D/^a.....provisto/a de D.N.I. nº.....

Con enderezo na R/.....nº.....piso.....C.Postal.....

Localidade.....Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo concello de Samos para a contratación laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado), a xornada completa, dos postos sinalados,

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade e acepto as bases que rexen a convocatoria, e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado /a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluto ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral.

TERCEIRO.- Que no caso de ser nacional doutro Estado, non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

CUARTO.- Que autorizo ao concello do Samos para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

SOLICITO:

Ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, para o cal presento a documentación seguinte (MARCAR O QUE PROCEDA) :

DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia.

No seu caso, documentación acreditativa do requisito da nacionalidade á que se refire a base 4^a, letra a.3).

- Permiso de condución en vigor tipo B.
- Acreditación do coñecemento da lingua galega, como mínimo, no nivel de CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia.
- Documentación acreditativa de estar en posesión (ou en condicións de obtela na data de remate do prazo de presentación de instancias) da titulación esixida na convocatoria.
- Documentos xustificativos dos méritos alegados segundo o establecido na base 8^a.
- Documentación acreditativa do cumprimento do requisito de demandante de emprego.
- No seu caso, certificación acreditativa da condición de discapacitado e a súa compatibilidade.

....., de.....de 2018

O/a solicitante,

Asdo.:

Samos, 13 de novembro de 2018.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 3215

O VICEDO

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de novembro de 2018, prestouse aprobación ós padróns que máis abaixo se relacionan, todos eles correspondentes ó 1º semestre de 2018, a saber:

- Taxa por subministro de auga.
- Taxa por recollida de lixo.
- Taxa por prestación do servizo de rede de sumidoiros.
- Canon auga Xunta de Galicia

Expóñense ó público nas oficinas municipais durante o prazo de 15 días, que se computarán a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Durante o prazo de 1 mes, a contar dende o día seguinte ó da terminación da exposición ó público, poderase presentar recurso de reposición de conformidade co artigo 108 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, e artigo 14.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Contra a desestimación do recurso de reposición poderase presentar recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses, que se computarán a partir da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou de 6 meses, dende que se entenda producida a desestimación presunta de este. Igualmente, poderase interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

As liquidacións non pagadas en período voluntario serán esixidas polo procedemento de constrinximento e aplicaranse as recargas correspondentes, así como os demais gastos e custes que procedan ata o día do ingreso da débeda tributaria correspondente (artigo 28 da Lei 58/2003, xeral tributaria)

No suposto do canon da auga da Xunta de Galicia, a falta de pagamento no período voluntario suporá a esixencia do canon da auga directamente ó contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva de conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria.

O Vicedo, 15 de novembro de 2018.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3314

Anuncio

O Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o día 16 de abril de 2018, aprobou inicialmente o inventario de camiños e vías municipais do Concello do Vicedo. Sometido o expediente a información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial de Provincia de Lugo nº 99, de 2 de maio de 2018, formuláronse corenta e dúas alegacións.

Examinadas e informadas as alegacións formuladas, o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o día 15 de novembro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

1.- Desestimar as alegacións que de seguido se relacionan:

Nº de alegación	Titular
1	Don Manuel Mantilla Pérez
5	Don Manuel Rolle Pigueiras
22	Dona Mª José Calvo Martínez

2.- Estimar as alegacións que de seguido se relacionan:

Nº de alegación	Titular
2	Jesús González Cribeiro
3	Evaristo Riveira Jorge
4	Mª Clara Díaz Albo
6	José Manuel Escourido Vizoso
7	Antonio Polo Fernández
8	Alberto Martínez Yáñez
9	Concello do Vicedo
10	Jesús González Cribeiro
11	Manuel Otero Fernández
12	Ricardo Polo Novo
13	Marcelino Piñón Fanego
14	Mª Isabel Canoura Iglesias
15	Carmen Pernas Martínez
16	Justo Fernández Fernández
17	Concello do Vicedo
18	Mª Carmen Martínez Martínez
19	Antonio Polo Fernández
20	Antonio Pernas Fernández
21	Mª Flor Insua Noguerol
23	Rosario Bispo Chao
24	Rosario Bispo Chao
25	Cristina Prieto Vale
26	Mª Dolores Prieto Vale
27	Roberto Fanego Rodríguez
28	Mª José Prieto Vale
29	Carmen Piñón Rodríguez
30	Mª José Prieto Vale
31	José Iván Pena Pigueiras

32	Cosme Vale Infante
33	Crisanto Vázquez Escourido
34	Crisanto Vázquez Escourido
35	Genaro Martínez Riveira
36	Remedios Riveira Pego
37	Remedios Riveira Pego
38	M ^a Luísa Yáñez Guimarey
39	M ^a Teresa Fernández Fernández
40	Jesús Fernández Rodríguez
41	María Piñón Rolle
42	Josefa Martínez Vizoso

3.- Aprobar definitivamente o inventario de camiños e vías municipais do Concello do Vicedo, incorporando as alegacións estimadas.

Contra o referido acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Pleno da Corporación no prazo de un mes, que se computará a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de conformidade co preceptuado nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Este recurso entenderase desestimado se dende o día seguinte á súa presentación transcorrera un mes sen que se resolvera e notificara de forma expresa.

Igualmente, poderase interpoñer recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado do contencioso - administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, que se computarán a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, consonte ó establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de xurisdición contencioso - administrativa.

Finalmente, no suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, sen que se resolvera e notificar no prazo de un mes, poderá interpoñerse recurso contencioso - administrativo dentro do prazo de seis meses, que se computarán a partir do día seguinte a aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto de conformidade co preceptuado nos artigos 46.1 e 46.4 da Lei 9/1998, do 13 de xullo, reguladora de xurisdición contencioso - administrativa. Advírtese que se poderá utilizar calquera outro recurso que se estime pertinente, así como exercitar as accións que se estimen oportunas ante a xurisdición competente.

O Vicedo, 20 de novembro de 2018.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3324

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL. O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente: A/27/25617

De acordo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 25 de junio de 2018 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Carmen Blanco Lozano, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,0062 l/s de agua procedente de un pozo, en el lugar de A Rabadá, parroquia de Pino (San Martiño), término municipal de Cospeito (Lugo), con destino a usos ganaderos.

Lugo, 13 de noviembre de 2018.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3290

*Anuncio***Expediente: A/27/25162**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento del Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 25 de junio de 2018 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a José Luis Somoza Castedo, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,1234 l/s de agua procedente de un pozo, en el lugar de Mariño, parroquia de Marei (Santa María), término municipal de O Corgo (Lugo), con destino a usos domésticos, ganaderos y riego de 0,4 has.

Lugo, 13 de noviembre de 2018.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3291

*Anuncio***Expediente: A/27/24748**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento del Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 25 de junio de 2018 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a José Lapido Andón, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,0192 l/s de agua procedente de un pozo sito en el Monte da Lomba de Montouto, en el lugar de O Lousado, parroquia de As Negradas (San Vicenzo), T.M. de Guitiriz (Lugo), con destino a usos domésticos y ganaderos.

Lugo, 13 de noviembre de 2018.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3292

*Anuncio***Expediente: A/27/24561**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, de fecha 25 de junio de 2018 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Ángel Manuel Andón Rebolo, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,05 l/s de agua procedente de 2 manantiales sitios en el monte vecinal de As Negradas, parroquia de As Negradas, T.M. de Guitiriz (Lugo) con destino a usos ganaderos.

Lugo, 13 de noviembre de 2018.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3293

*Anuncio***Expediente: A/27/24097**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 25 de junio de 2018 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Antonio Matías Vázquez Yáñez y a María Mercedes Soto Area, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,027 l/s de agua procedente del río Cabe, en el paraje de A Barxa de Ramberde, T.M. de Monforte de Lemos (Lugo), con destino a riego de 0,17 has.

Lugo, 13 de noviembre de 2018.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3294

*Anuncio***Expediente: A/27/22434**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento del Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 25 de junio de 2018 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a la Comunidad de Usuarios del Pozo da Chousa, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,0218 l/s de agua procedente de 2 manantiales, en el lugar de A Veiga, parroquia de San Cibrao de Monte de Meda (San Cibrao), T.M. de Guntín (Lugo) para uso doméstico, ganadero y riego de 0,05 has.

Lugo, 13 de novembro de 2018.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3295

Anuncio

Expediente: A/27/20614

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento del Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 29 de junio de 2018 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a la Comunidad de Usuarios de A Lama de Vendanova, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,0237 l/s de agua procedente de 2 pozos, sitios en las parcelas catastrales 240 y 241 del polígono 129, en el lugar de A Senra, parroquia de Mourelas (San Xulián), T.M. de O Saviñao (Lugo) para uso doméstico y ganadero.

Lugo, 13 de novembro de 2018.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3296

Anuncio

Expediente: A/27/13361

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento del Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 25 de junio de 2018 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Financiera Maderera, S.A., el oportuno cambio de titularidad de la concesión de un aprovechamiento de 6,11 l/s de agua procedente de 7 pozos sitios en la finca donde se ubica la fábrica, en el Polígono Industrial de Rábade, TT.MM. de Rábade y Begonte (Lugo) con destino a usos industriales y red contra incendios de las instalaciones industriales, otorgada a Fibras del Noroeste, S.A. (Fibranor) por resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte de fecha 20 de enero de 2006.

Lugo, 13 de novembro de 2018.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3297

Anuncio

Expediente: A/27/07876

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento del Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 25 de junio de 2018 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada al Ayuntamiento de Castro de Rei, la oportuna modificación de características de la concesión de un aprovechamiento de 34,68 l/s de agua procedente del río Miño, en el lugar de A Reigada, parroquia de Quintela, T.M. Castro de Rei (Lugo) con destino al abastecimiento de los núcleos de Quintela, Coea, Loentia, Bendia, Gobierno y Castro de Rei, otorgada por resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte de fecha 4 de mayo de 2000, consistente en la ampliación del abastecimiento a los núcleos de Matodoso, Triabá y Pacios e incorporación del uso industrial (Polígono Industrial de Castro Ribeiras de Lea), con incremento de caudal a 45,56 l/s.

Lugo, 13 de novembro de 2018.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3298

Anuncio

Expediente: A/27/02530

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 23 de abril de 2018 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a María Carmen Cortón Labrada, el oportuno cambio de titularidad y novación de la concesión de un aprovechamiento de 0,03 l/s de agua procedente del manantial Fonte do Carballo sito en el Monte de Suegos, parroquia de Suegos (Santa Eulalia), T.M. de Pol (Lugo), con destino exclusivamente para usos domésticos, en el lugar de Castelo, parroquia de Montecubeiro (San Cibrao), T.M. de Castroverde (Lugo), otorgada a José Manuel Cortón Díaz por resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte de fecha 09/12/1994 y de modificación de características de la novación consistente en la reducción del caudal a derivar a 0,019 l/s.

Lugo, 13 de novembro de 2018.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3299

Anuncio

Expediente: A/27/02119

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 25 de junio de 2018 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a la Comunidad de Usuarios Riva da Fontela, el oportuno cambio de titularidad y novación de la concesión de un aprovechamiento de 0,05 l/s de agua procedente del manantial Riva da Fontela de Argerey, en el lugar de Abeledo, parroquia de San Martiño de Condes, T.M. de Friol (Lugo), con destino exclusivamente para usos domésticos, otorgada a Ángel Argerey Castro, José Prado Cobas y Amparo Abeledo Prado por resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte de fecha 02/03/1992 y de modificación de características de la novación consistente en la reducción del caudal a derivar a 0,039 l/s.

Lugo, 13 de novembro de 2018.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3300
